



**ACTO INFORMATIVO E ASEMBLEA DE VECIÑOS DE BÉRTOLA EN VILABOA (Pontevedra):
ANTENAS DE TELEFONIA E SAÚDE:**

**MARTES 2 DE DECEMBRO ÁS 19,30H NO LOCAL DA COMUNIDADE DE MONTES DE BÉRTOLA
(no recinto das festas)**

A acumulación de casos de cancro foi a voz de alerta na Saxosa, núcleo poboacional duns 70 veciños na parroquia de Bértola (Vilaboa), con 3 torretas de telefonía móbil entre 12 e 15 anos de implantación que non teñen entre si máis de 20 metros e están situadas a menos de 200 metros dunha residencia xeriátrica. Esta inquedaanza é compartida con outras localidades da provincia de Pontevedra (como Padróns en Pontearreas, no centro de Portonovo en Sanxenxo, en Santa Lucía en Moraña, etc) onde colectivos de afectados están a solicitar estudos epidemiolóxicos.

Esta situación coincide coa declaración do **Parlamento Europeo** (resolución do 4 de setembro de 2008), que **“constata que os límites de exposición aos campos electromagnéticos establecidos para o público son OBSOLETOS”** **“...e non abordan a cuestión dos grupos vulnerábeis”**, pedindo a modificación da Resolución comunitaria **que marca os niveis de exposición da actual normativa estatal española, agora considerados oficialmente inseguros.**

A ausencia dunha normativa autonómica galega ou local específica (nin en Vilaboa, nin en Pontevedra) que atenda ao principio de precaución limitando as antenas base de telefonía móbil de zonas sensíbeis e residenciais, súmase ao coñecemento de que ningunha das tres Torretas de antenas de Telefonía móbil citadas teñen a preceptiva Licenza de Actividade Clasificada que deberían solicitar aos concellos correspondentes (neste caso de Vilaboa e de Pontevedra) antes de comezar o seu funcionamento.

O acto convocado por veciños de Bertola para o vindeiro martes 2 de decembro (19,30h no local da comunidade de montes) contará coa presenza de Julio Carmona coordinador da APDR da campaña polo uso racional da telefonía móbil que aproximará á situación actual ante á exposición aos campos electromagnéticos e as alternativas a nivel municipal.



Extractos da Resolución do Parlamento Europeo, de 4 de setembro de 2008, sobre a Revisión intermedia do Plan de Acción Europeo sobre Medio Ambiente e Saúde 2004-2010 (2007/2252(INI)):

21. **Manifesta gran interese polo informe internacional Bio-Iniciativa (*) sobre os campos electromagnéticos**, que resume máis de 1.500 estudos dedicados a este tema, e **cuxas conclusións sinalan os perigos que entrañan para a saúde as emisións de telefonía móbil, talles como o teléfono portátil, as emisións UMTS-Wifi-Wimax-Bluetooth e o teléfono de base fixa** [sen fíos] "DECT";

22. **Constata que os límites de exposición aos campos electromagnéticos establecidos para o público son obsoletos**, xa que non foron adaptados desde a Recomendación 1999/519/CE do Consello, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos (0 Hz a 300 GHz) (**), loxicamente non teñen en conta a evolución das tecnoloxías da información e a comunicación, as recomendacións da Axencia Europea de Medio Ambiente ou as normas de emisión máis esixentes adoptadas, por exemplo, por Bélxica, Italia ou Austria, e **non abordan a cuestión dos grupos vulnerables, como as mulleres embarazadas, os recentemente nados e os nenos**;

23. **Pide, en consecuencia, ao Consello, que modifique a súa Recomendación 1999/519/CE, co fin de ter en conta as mellores prácticas nacionais e fixar así valores límite de exposición máis esixentes para todos os equipos emisores de ondas electromagnéticas nas frecuencias comprendidas entre 0,1 MHz e 300 GHz**;

(*) Un grupo de científicos independentes publicou este informe o 31 de agosto de 2007. Ver detalles en: www.bioinitiative.org

(**) DO L 199 de 30.7.1999, p. 59.

Versión galega da APDR. Extracto da Versión íntegra orixinal en:
<http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?type=TA&reference=P6-TA-2008-0410&language=ES&ring=A6-2008-0260>